

nova escola galega

Reflexións en torno á proposta de medidas de atención á diversidade

NOVA ESCOLA GALEGA quere facer chegar á Comunidade Educativa un conxunto de reflexións acerca do tratamento da diversidade nos Centros Escolares, **analizando** para iso algúns dos aspectos contidos no documento “ **Atención á diversidade**” (Circular nº 9) elaborado pola Consellería de Educación e enviado ós centros escolares nos que se imparte E.S.O a principios do presente curso, e **propoñendo medidas alternativas** na procura dunha escola integradora e inclusiva.

Sabedores de que estamos diante dunha cuestión de máxima importancia, motivo de preocupación para moitos ensinantes, a nosa intención é **motivar un debate no seo de cada Comunidade Educativa acerca dos modelos de actuación no tratamento da diversidade** na súa máis ampla consideración.

Neste senso, recoñecendo que nas medidas de carácter organizativo e curricular propostas pola Administración Educativa existen aspectos positivos a valorar, parécenos obrigado advertir, desde a nosa responsabilidade como movemento de renovación pedagóxica, que tales medidas poden contribuir a distorsionar gravemente a dimensión comprensiva do ensino obrigatorio, condicionando fortemente o traballo a prol da igualdade de oportunidades educativas. Entendemos, polo tanto, que antes de levar adiante medidas organizativas de tanto calado como algunhas das propostas no documento de referencia, deberíase reflexionar sobre medidas alternativas a tomar con antelación e que poden ter un efecto preventivo. Moitas delas dependen directamente da vontade da Administración Educativa, pero outras están basicamente nas nosas mans.

Como punto de partida pode ser útil volver a pensar sobre o concepto de diversidade. Aínda que non discrepemos co que se menciona na introducción do documento citado estaría ben sinalar que cando falamos de diversidade non nos referimos exclusivamente a capacidades, senón que incluímos tamén os intereses, as expectativas, a formación inicial, os estilos de aprendizaxe, a procedencia sociocultural (rural, urbana, marxinal, ...) os estímulos e axudas de fóra do centro, a perso-

nalidade, e dentro desta ao autoconcepto, e moitas outras características do alumnado. Desde esta formulación parece claro que todo o alumnado é diverso, e que, polo tanto, **a atención á diversidade** debemos contemplala en primeiro lugar como **un xeito de enfronta-la actuación educativa globalmente**.

Paralelamente convén tamén traer a colación que o ensino obrigatorio, en calquera dos seus tramos, ten como finalidade atender as necesidades educativas do conxunto da poboación. En boa medida **traballar a prol dun ensino comprensivo**, destinado a toda a poboación, **está intimamente unido a procura de procedimentos que eviten ou atenuen os procesos de selección dentro do ámbito educativo**. Esta é unha cuestión que ten repercusión académica, pero tamén social posto que a selección afecta a uns sectores de poboación máis que a outros, precisamente a aqueles que de partida están máis desfavorecidos no ámbito educativo e en moitos outros. Nunha etapa de escolaridade obrigatoria a adopción de medidas extraordinarias en relación o tratamento da diversidade é unha decisión que vai máis aló do escolar, posto que estamos contribuíndo á formación de cidadáns e cidadanas. Resultan ineludibles, xa que logo, as connotacións técnicas, ideolóxicas, sociáis e políticas.

A escola para todos, debe busca-lo equilibrio entre a comprensividade e a individualización, sendo quen de acoller a todos e responder a un tempo ás necesidades individuais. Lograr este equilibrio é un dos grandes retos do noso sistema educativo. Primar a individualización sobre a comprensividade significa deixar recaer no individuo a responsabilidade do fracaso escolar e entender que se o sistema educativo, tal e como o temos, non serve para todos, débese a que certos individuos son “incapaces”, “máis torpes” “disruptores” pero nunca á que oferta que lle propoñemos non é a apropiada.

Establecer grupos homoxéneos nas aulas, eliminando, segregando, colocando noutro lugar ó que non da unha resposta satisfactoria ós requerimentos escolares, é unha maneira de perpetuar o statu quo, as prácticas pedagóxicas homoxeneizadoras, e, en definitiva, de renunciar ó cambio metodolóxico. Pola contra, a capacidade de asunción da heteroxeneidade nas aulas é un indicador de calidade do ensino.

Partir de que a solución dos problemas escolares estriba nas propostas de cambio só para os individuos que se saen da norma, significa apostar por perpetuar esa norma e as pautas e valores nos que se desenvolve. O principio de individualización debe de ser respectado pero nunca sofocando ó de comprensividade. Para responder as necesidades educativas especiais son positivas todas as medidas de respecto ás diferencias individuais que contribúan ó desenvolvemento persoal e á integración social, pero non as que acarreen riscos de segregación ou marxinação.

A Consellería prantexa dous tipos de medidas de resposta: as curriculares e as organizativas. As medidas de carácter curricular: adaptacións curriculares, reforzo educativo, opcionalidade ... fan referencia ás modificacións do currículo para que sexa válido para o conxunto do alumnado, e as segundas levan implícito unha diferenciación e organización de grupos de estudantes excepcionais para dar resposta ás súas necesidades.

Á hora de deseñar o proxecto educativo de atención á diversidade cada centro debe dar unha resposta propia, dentro dun marco xeral e de conxunto, porque son diferentes os contextos socio-educativos, as necesidades individuais e os recursos materiais e humanos cos que se conta en cada caso e polo tanto non hai recetas únicas e válidas para todos. Ademais de explicitar as opcións que se toman, o centro debe prever e asumir tamén as súas consecuencias: a situación en que queda o alumnado, as tensións e conflitos posibles, as actitudes que ditos conflitos podan xerar no profesorado e as súas repercusións na dinámica e posibilidades de actuación futuras no centro.

A necesidade de dar unha resposta diferenciada desde as posibilidades e a autonomía de cada centro non exclue a necesidade de tomar en conta, as seguintes consideracións:

1. As medidas de carácter curricular: adaptacións, reforzos, opcionalidade... teñen un carácter positivo sempre que sexan entendidas non só desde o individuo senón nun continuo curricular que abarca o centro como institución, o Proxecto Educativo de cada Centro, a Programación da Aula e só por último a modificación do programa individual.
2. A primeira medida de adaptación curricular consiste no rebrandexamento e reconsideración da proposta curricular que temos para cada etapa, para cada ciclo e para curso. Departamentos, comisións de coordinación pedagóxica, e cada profesor ou profesora na aula temos que preguntarnos ¿poden comprender a meirande parte dos alumnos e alumnas o que lles estamos ensinando?, ¿facémolo de maneira que teña algún senso para eles?, ¿temos previstas fórmulas para que no mesmo espacio se realicen tarefas de distintos niveis de dificultade? **Se a resposta a estas cuestións é negativa non debemos proceder ó deseño de adaptacións individuais, senón que debemos adaptar e revisa-lo conxunto da nosa proposta pedagóxica.**
3. O contexto de aplicación das medidas de atención á diversidade como reforzos e adaptacións, debe ser a aula ordinaria e así o recoñece a propia Consellería de Educación na Orde de 5 de Outubro de 1995 sobre as adaptacións curriculares. A meirande parte dos cambios que se propoñen nas adaptacións deben afectar ó conxunto do grupo: metodoloxía, temporalización, secuenciación, organización etc., pois de non ser así non faríamos unha adaptación do currículo, senón un currículo paralelo. As adaptacións curriculares son instrumentos útiles para a construción da comprensividade cando se desenvolven no contexto de modificación da vida das aulas.
4. As medidas de carácter curricular implican a todo o profesorado e supoñen un esforzo de cambio e renovación si son entendidas no seu auténtico sentido.

Considerando que o sistema educativo asimila os cambios moi lentamente resulta chamativo que sexa neste momento no que apenas se están empezando a poñer en práctica as medidas curriculares,

cando a Consellería de Educación fai a proposta das **medidas de carácter organizativo**. **Con referencia a súa formulación salientamos os seguintes aspectos:**

1. As medidas de carácter organizativo: Agrupamentos flexibles e Programas de Ciclo Adaptado, aínda que diferentes entre sí, teñen en común o establecer grupos diferenciados de estudantes en función das súas capacidades e isto é moverse nun terreo, cando menos, perigoso
2. A diferenza das medidas curriculares, as medidas de carácter organizativo non requiren modificacións das prácticas pedagóxicas do conxunto do grupo, porque supoñen a exclusión do mesmo daqueles que representan unha distorsión. Garanten certa tranquilidade nas aulas e non esixen grandes esforzos de cambio, polo tanto resultan máis atractivas para algúns sectores do profesorado.
3. Paradoxalmente as medidas organizativas poden aparecer como propostas de cambio “obxectivables”, en tanto que requiren espazos, horarios e ata persoal propio, mentres que as medidas curriculares poden ser percibidas como “un conxunto de boas intencións”. **Isto pode conducir a que sexan as medidas extraordinarias, que por definición deben ter un carácter excepcional, as primeiras e únicas que se poñan en práctica** para responder á diversidade nos centros, co que o proceso de cambio curricular invirte o seu auténtico sentido.
4. **Os agrupamentos flexibles** teñen sido postos en práctica en múltiples experiencias de renovación pedagóxica, pero só demostraron a súa eficacia cando se garante a integración suficiente dos alumnos no grupo de referencia e o seu carácter transitorio e, incluso, cando varían os grupos de estudantes que se agrupan especificamente para diversas tarefas; en suma **cando hai garantías de que se evita a discriminación**, e por isto entendemos que é preciso ser extremadamente coidadoso coa súa aplicación.
5. **Os Programas de Ciclo Adaptado**, dirixidos a estudantes con retraso académico xeneralizado e problemas de conducta cos que se forma un grupo único, ó marxe dos seus compañeiros e compañeiras de idade, **merecen o noso total rexeitamento por contradecir totalmente os principios de normalización e integración ineludibles hoxendía nun sistema escolar que queira estar á altura das funcións sociais que ten encomendadas**. Estes grupos poden ser percibidos como beneficiosos por certos profesores e profesoras porque garantizan a tranquilidade nas aulas, pero isto será a costa de “renunciar” á educación e á “socialización” de certos alumnos e alumnas que teñen dereito á mesma. Son medidas dirixidas a un grupo de alumnos e alumnas que, con frecuencia, teñen á escola como único recurso educativo porque non poden esperar axuda do medio familiar e social.

Nova Escola Galega desde a preocupación por evitar retrocesos que afectarían fundamentalmente á calidade do ensino e as súas finalidades máis transformadoras, **aconsella ó profesorado que sexa extremadamente prudente á hora da posta en práctica destas medidas e que rexeite de plano aquelas que na súa intencionalidade e/ou polo seu contido ou pola forma na que se levan a cabo teñan un carácter segregador.**

As nosas propostas alternativas toman como punto de arranque a consideración da diversidade como unha característica identitaria das persoas. Non como unha retórica “politicamente correcta” senón desde o convencimento de que necesitamos ter en conta esta diversidade para evitarlo fracaso. Isto significa que a maioría das medidas deben ir dirixidas á totalidade do alumnado, formando parte do “clima do centro” (polo tanto deben ser explicitados nos apartados correspondentes do PEC e do PCC), e non se traducirán sempre en medidas de carácter individualizado. A experiencia dinos que se non temos isto en conta despois os remedios serán tardíos, discriminatorios e insatisfactorios, tanto para o alumnado como para o profesorado, e, ó fin, causa de múltiples problemas sociais e culturais.

Para desenvolver estes principios na realidade cotiá dos centros e das aulas pode ser de utilidade aportar ideas e instrumentos recollidos das iniciativas que moitos centros puxeron en marcha, ás veces incluso descoñecendo o seu efecto na atención da diversidade. Sen ánimo de exhaustividade propoñemos para a súa consideración tres tipos de medidas: aquelas que pode tomar o Centro no seu conxunto, aquelas que pode desenvolver cada profesor ou profesora na súa aula, e, aquelas que debe tomar a Administración Educativa.

I.- Medidas que pode toma-lo Centro:

- Decisións organizativas que propicien as agrupacións heteroxeneas nas aulas.
- Organiza-la adscripción do alumnado e profesorado ós grupos atendendo máis a criterios pedagóxicos que administrativos e considerando a existencia das necesidades educativas especiais.
- Flexibilidade para variar a composición dos grupos a principio de curso despois dunha avaliación inicial.
- Distribución dos espazos nas aulas de xeito que se poda desenvolver traballos individuais e de pequeno grupo.
- Espazos organizados por aula-materia e non sempre por aula grupo-clase.
- Millora da coordinación vertical e horizontal posibilitando a adaptación das programacións a un continuum de ciclo e de etapa, a utilización de recursos comúns a todo o profesorado, procedimentos de carácter transversal, criterios compartidos respecto da avaliación permitindo a implantación de sistemas dinámicos de recuperación, etc.
- Promove-la implicación de todo o profesorado, e non só dos especialistas de apoio, na atención das necesidades educativas especiais.

- Establecer criterios comúns para a atención á diversidade: prever tempos e espazos para a coordinación entre titores e profesionais de apoio.
- Potenciación do apoio dentro das aulas ordinarias.
- Potenciación do traballo titorial, cun plano de actuación global na que os titores coordinen a información sobre o alumnado.
- Favorece-la comunicación e coordinación dos Departamentos de Orientación cos demais departamentos do centro e co resto da Comunidade Educativa.
- Decisións a prol da participación do alumnado na organización do centro e da aula.
- Fomento da participación na organización e desenvolvemento de actividades extracurriculares vinculadas ó PEC.
- Optatividade: cunha oferta pensada para afondar nos intereses do alumnado, evitando os itinerarios segregadores.
- Interactuar co entorno, especialmente con outros centros escolares dos que reciben ou os que envían estudantes, pero tamén con outras institucións de cara á resolución dalgúns problemas que inciden na calidade educativa.

2.- Medidas que pode tomar o profesorado:

A) En canto á **metodoloxía e actividades**:

- Tomar en consideración o que saben e pensan os estudantes sobre os temas a tratar nas aulas.
- Procurar actividades abertas que supoñan distintos niveis de dificultade.
- Propoñer actividades que atendan ós diferentes estilos de aprendizaxe: inductivo, globalizador ...
- Propoñer actividades que impliquen participación, uso de materiais distintos do libro de texto.
- Implicar ó alumnado na responsabilidade de tarefas de aula.
- Propoñer actividades para realizar en pequeno grupo variando o número de integrantes e a composición do equipo, con distinto grao de autonomía.
- Atención específica tanto para os que teñen un ritmo máis rápido como para os que presentan máis dificultades, restrinxindo o máis posible a saída do alumnado fóra da aula ordinaria, e potenciando o apoio e adaptacións na mesma aula.
- Establecemento de actitudes de cooperación entre o profesorado de apoio e ordinario encamiñadas a facilita-la actuación de ambos no mesmo espazo.
- Ter en conta ó alumnado desmotivado buscando actividades relacionadas cos seus intereses ou coa realidade que lles afecta.

- Ter información actualizada sobre as historias de aprendizaxe do alumnado, características e circunstancias persoais, etc., a través do titor/a.
- Interactuar co alumnado desde un clima de aceptación capaz de favorecer a súa autoestima.

B) En canto ós **contidos**:

- Establecemento de contidos mínimos para o alumnado con dificultades en base a dous criterios: contidos necesarios para a formación do cidadán contidos propedeuticos necesarios para posibilitar a súa continuidade no itinerario escolar obrigatorio.
- Na elaboración do PC das áreas considera-la variedade de intereses do alumnado do centro.
- Resitua-los contidos transversales pola súa relevancia en canto a motivación do alumnado e a conexión coa realidade que propician.

C) En canto á **avaliación**:

- Concebi-la avaliación como situación de aprendizaxe non só como comprobatoria. Nesta liña:
 - Corrixir e comenta-las probas na aula e orienta-los traballos despois da súa revisión.
 - Adicar tempo das sesións de clase para traballar aqueles aspectos nos que se aprecian dificultades
- Definición de estratexias para a detección e valoración das necesidades educativas especiais.
- Utilización de instrumentos de avaliación diversos, establecendo a posibilidade de ponderar diferenciadamente a valoración dos distintos instrumentos segundo as características do alumnado.
- Prever adaptacións para a avaliación do alumnado con n.e.e.: forma instrumentos, temporalización.
- Valoración ponderada de diferentes aspectos nos traballos e probas evitando centrarse exclusivamente nos contidos conceptuais.
- Deseño de boletíns de información cualitativos e comprensibles que permitan reflectir a evolución do proceso de aprendizaxe de todo o alumnado, sexan cales sexan as súas dificultades.

3.- Medidas que debe toma-la Administración Educativa:

- Desenvolver criterios non segregadores na distribución do alumnado por centros, impedindo que a planificación zonal ou a súa ausencia provoque desequilibrios entre os centros no que se refire o tipo de alumnado que prioritariamente acollen
- Facilitar, promover e garanti-la implantación e oferta xeneralizada das medidas ordinarias de atención á diversidade (AC, RE, PGS, PDC, Optatividade) dentro do plan de concreción do curriculum.
- Supresión das barreras arquitectónicas e sinalización das dependencias escolares para facilita-lo uso autónomo das instalacións por parte de todo o alumnado.
- Propicia-la formación do profesorado en todos aqueles aspectos implicados no tratamento da diversidade. Fomentar intercambios profesionais e de experiencias positivas ó respecto entre o profesorado dos distintos niveis educativos e os profesionais da orientación educativa.
- Establecer un sistema de financiación capaz de soste-los recursos humanos e materiais necesarios para levar a cabo modelos de atención á diversidade de clara intencionalidade integradora.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

